



Circular 3/2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión e matrícula nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2017-2018.

A Comunidade Autónoma de Galicia regulou as ensinanzas de idiomas de réxime especial mediante a aprobación do Decreto 191/2007, do 20 de setembro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos niveis básico e intermedio, e do Decreto 239/2008, do 25 de setembro, polo que se establece o currículo de nivel avanzado das ensinanzas de réxime especial de idiomas. Estes decretos, nas súas disposicións finais primeiras, autorizan a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para ditar cantas normas se consideren oportunas para o seu desenvolvemento.

A Orde do 5 de agosto de 2011, pola que se desenvolve o Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia, e se regula a organización e o acceso ás ensinanzas de idiomas de réxime especial, dispón no seu artigo 24^o.1 que o proceso de preinscrición e matrícula na modalidade presencial realizarase en período ordinario nos meses de xuño e xullo e, en período extraordinario, no mes de setembro, de acordo co calendario e as condicións que estableza anualmente a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Igualmente, a Orde de 8 outubro de 2012 (DOG do 11 de outubro) pola que se establece o procedemento para a implantación, avaliación e certificación de cursos especializados para o perfeccionamento de idiomas de nivel C nas escolas oficiais de idiomas de Galicia, dispón no seu artigo 4^o.1 os requisitos de acceso aos cursos especializados para o perfeccionamento de idiomas de nivel C1.

En consecuencia, esta dirección xeral dita as seguintes instrucións sobre o proceso de admisión e matrícula para o curso 2017-2018.



I. Acceso

1. Condicións xerais de acceso para o curso escolar 2017-2018
 - 1.2. Para acceder a estas ensinanzas será requisito imprescindible ter dezaseis anos cumpridos no ano natural en que se comecen os estudos.
 - 1.3. Poderán acceder, así mesmo, aquelas persoas que teñan cumpridos catorce anos, ou que os cumpran antes do 31 de decembro de 2017, para seguir as ensinanzas dun idioma distinto do cursado na educación secundaria obrigatoria como primeira lingua estranxeira.
 - 1.4. Poderase acceder directamente a un curso distinto de 1º de nivel básico a través das seguintes vías:
 - a. Os certificados do nivel básico e intermedio darán acceso ás ensinanzas do nivel intermedio e avanzado respectivamente.
 - b. O título de bacharel dará acceso ao nivel intermedio da primeira lingua estranxeira cursada no bacharelato. Isto non suporá, en ningún caso, a expedición do certificado do nivel básico.
 - c. O título de graduado en ESO dará acceso ao 2º de nivel básico da primeira lingua estranxeira cursada na ESO.
 - d. As probas de clasificación permitirán a incorporación ao curso que corresponda, segundo o resultado obtido, dos niveis básico, intermedio ou avanzado para aquelas persoas que dispoñan de coñecementos previos dun ou máis idiomas.
 - e. Os títulos, certificados e diplomas acreditativos de ter coñecementos do idioma en que se solicita praza establecidos no **anexo II** desta circular outorgarán acceso directo por titulación aos cursos que se indican.
 - f. O certificado de nivel avanzado e o certificado de aptitude das ensinanzas de idiomas de réxime especial darán acceso aos cursos especializados de idiomas de nivel C1.



- 1.5. Os requisitos e o procedemento de acceso para os cursos non ordinarios para a formación do profesorado, colectivos profesionais e público en xeral serán establecidos nas súas convocatorias correspondentes.
- 1.6. O acceso ás ensinanzas de idiomas de réxime especial na modalidade a distancia *That's English!* será obxecto dunha normativa específica por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- 1.7. O profesorado que imparta docencia nunha EOI non poderá cursar estudos de idiomas no mesmo centro onde estea destinado, e en ningún caso se poderá matricular para seguir estudos do mesmo idioma que imparte en ningunha EOI de Galicia.
- 1.8. O persoal non docente destinado nunha escola oficial de idiomas ou sección non poderá cursar estudos no centro onde desempeñe o seu labor, aínda que si se poderá matricular noutra escola ou sección. No caso de árabe e ruso, por seren idiomas que se imparten unicamente na EOI da Coruña, o persoal non docente que traballe nesta escola poderá formalizar a matrícula neses idiomas no dito centro.
- 1.9. Todo o alumnado de novo acceso (ver apdo. 2.1 desta circular) deberá realizar unha preinscrición en liña a través da aplicación informática existente para tramitar a súa solicitude de praza.

O **anexo I** desta circular recolle as condicións xerais de acceso a cada un dos cursos das ensinanzas de idiomas de réxime especial.

- 1.10. O alumnado con anulación de matrícula por falta de pagamento no curso 2016-2017 deberá aboar previamente as cantidades adebedadas para formalizar a nova matrícula.
2. Preinscrición.
 - 2.1. Ademais daquelas persoas que solicitan cursar estudos en 1º curso de nivel básico ou básico integrado dun idioma nas escolas oficiais de idiomas por primeira vez, terá a consideración de alumnado de novo acceso para os efectos de preinscrición e adxudicación de prazas o seguinte:
 - a. As persoas procedentes das probas de clasificación.



- b. As persoas que solicitan acceso directo por titulación.
- c. As persoas que se incorporan á ensinanza presencial tras superar as probas específicas de certificación polo réxime libre.
- d. As persoas procedentes de traslado de expediente.
- e. O antigo alumnado que non estivera matriculado polo réxime oficial no curso 2016-2017.
- f. O alumnado oficial con renuncia ou anulación da matrícula en 2016-2017.
- g. Todas as persoas que desexen acceder aos cursos especializados para o perfeccionamento de idiomas de nivel C1, agás as que estivesen matriculadas neste nivel durante o curso 2016-2017.

2.2. Prazo de preinscrición

- Para os cursos de 1º de nivel básico e básico integrado as preinscricións realizaranse dende o 27 de xuño ata o 6 de xullo.
- Para os demais cursos, as preinscricións realizaranse dende o 27 de xuño ata o 14 de setembro.
- Todas as preinscricións deberán formalizarse obrigatoriamente en liña nos prazos establecidos nesta circular, a través do acceso <https://www.eoidigital.com/preinsxunta> e de acordo coas instrucións que figuran no **anexo III**.

2.3. Para cada idioma poderase facer unha única preinscrición con catro preferencias priorizadas de grupos, nun máximo de dous idiomas. En caso de adxudicación de praza en dous idiomas en dúas escolas distintas, o/a alumno/a deberá optar por un só idioma nunha soa escola, excepto no caso de que un dos idiomas só se imparta nunha das dúas escolas. Nese caso, permitirase a matrícula simultánea nas dúas escolas, e considerarase que o/a alumno/a ten feito un traslado parcial do expediente na lingua que só se oferta nunha das escolas.

2.4. No momento de facer a preinscrición, a aplicación asignaralle un número a cada solicitude, independentemente da escola, idioma e curso solicitado. Para a asignación de prazas o sistema informático en que se realizaron as preinscricións obterá un número de corte por idioma e curso a partir do cal se asignarán as



vacantes dispoñibles, este número obtense aleatoriamente entre todos os números asignados a cada solicitante dese idioma e curso no momento da preinscrición. A adxudicación de prazas realizarase por persoa, empezando pola solicitude que teña o número obtido no sorteo, respectando a orde de preferencia indicada na solicitude e pasando á seguinte persoa cando se lle asigne praza nun grupo ou cando non obteña praza en ningún dos grupos solicitados.

- 2.5. A obtención do número para a adxudicación das prazas nos cursos de 1º de nivel básico e básico integrado realizarase en acto público, o día 7 de xullo ás 13.00 horas, na EOI de Vigo (Avda. Emilio Martínez Garrido, núm. 17, Vigo). O día 8 de xullo este alumnado poderá consultar na aplicación web se foi admitido, e deberá confirmar a reserva de praza no grupo adxudicado desde a aplicación web de matrícula e formalizar esta, no prazo que estableza cada escola, na secretaría da EOI ou sección, se é o caso, onde vai cursar os estudos.
 - 2.6. A obtención do número para a adxudicación das prazas nos cursos distintos de 1º de básico ou básico integrado, así como das prazas dos cursos de 1º de nivel básico e básico integrado que quedaran libres tras a adxudicación de xullo realizarase en acto público, o día 15 de setembro ás 13.00 horas, na EOI de Vigo (Avda. Emilio Martínez Garrido, núm. 17, Vigo). O día 16 de setembro o alumnado poderá consultar na aplicación web se foi admitido. As persoas que obteñan praza deberán confirmar a reserva de praza no grupo adxudicado desde a aplicación web de matrícula e formalizar esta, no prazo que estableza cada escola, na secretaría da escola oficial de idiomas ou sección, se é o caso, na que vai cursar os estudos. Os centros poderán establecer os horarios de atención ao público que consideren oportunos para garantir a mellor organización.
3. Acceso por probas de clasificación.
 - 3.1. Unha vez publicados os resultados das probas de clasificación, o alumnado que as realizara deberá solicitar a preinscrición no curso e nivel ao que obtivo acceso.
 - 3.2. O resultado das probas de clasificación ten unha vixencia de dous cursos académicos para os efectos de preinscrición e formalización da matrícula oficial nas escolas oficiais de idiomas de Galicia.



II. Matrícula

4. Procedemento de matrícula

- 4.1. O alumnado oficial do curso 2016-2017 que desexe continuar estudos no curso 2017-2018 no mesmo idioma e escola, excepto o alumnado matriculado no nivel avanzado que desexe continuar no nivel C1, non debe facer preinscrición, senón que deberá realizar a reserva de praza en liña, desde o enderezo <https://www.informaticacentros.com/xunta> e de acordo coas instrucións que figuran no **anexo IV**, e formalizar a matrícula na secretaría da EOI ou sección, se é o caso, nos prazos establecidos nesta circular.
- 4.2. A matrícula en liña permitirá reservar praza no grupo de elección do/a alumno/a, segundo a oferta educativa aprobada para cada EOI, a través da aplicación web, e en función das vacantes existentes.
- 4.3. Unha vez realizada a reserva de matrícula en liña e impresa a correspondente confirmación por duplicado a través da aplicación web, deberase efectuar o pagamento dos prezos públicos, segundo corresponda e de acordo coas instrucións establecidas para tal efecto, e todo o alumnado debe presentar na secretaría do centro, no prazo establecido, a seguinte documentación para a formalización da matrícula:
 - Dúas copias da confirmación da reserva de matrícula realizada en liña. Unha delas será selada polasecretaría da EOI e entregada ao alumno /a como resguardo da formalización da matrícula.
 - Resguardo do aboamento dos prezos públicos segundo o Decreto 89/2013, do 13 de xuño (DOG do 17 de xuño), consonte un destes modelos oficiais, acompañado dos certificados de exención ou redución correspondentes, se é o caso:
 - modelo E (autocopiativo en papel)
 - modelo AI, xerado electronicamente e impreso desde o enderezo: <http://www.conselleriadefacenda.es/web/portal/confecion-impresos>
 - modelo 730 (xerado desde a Oficina Virtual Tributaria)



- No caso de fraccionar o pagamento da matrícula, o documento para o pago do 2º prazo, cos 20 díxitos da conta bancaria para a domiciliación do pago fraccionado, cuberto e asinado, xunto co certificado da conta bancaria, onde conste o IBAN e a titularidade do alumno/a.

4.4. O alumnado de novo acceso deberá presentar, ademais do anterior, a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, ou do NIE no caso de estranxeiros.
- Para o alumnado que sexa menor de 16 anos a 31 de decembro de 2017, un certificado no que se faga constar a primeira lingua estranxeira cursada na educación secundaria obrigatoria no curso escolar 2016-2017, expedido polo centro onde estea matriculado consonte o modelo do **anexo V**.
- Para o alumnado que se matricule nos cursos especializados para o perfeccionamento de idiomas de nivel C1, unha fotocopia cotexada do certificado do nivel inferior das ensinanzas de idiomas de réxime especial do idioma correspondente, ou, no caso do idioma inglés, do certificado acreditativo da validación do Certificate of Proficiency emitido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.
- De ter superado os estudos e non dispor aínda do certificado, deberá presentar unha certificación académica expedida pola EOI correspondente, acompañada do xustificante de ter aboados os prezos públicos para a súa expedición.

4.5. No caso de discapacidade deberase achegar a documentación acreditativa e, se solicita adaptacións, cubrir o **anexo VI** desta circular. A EOI poñerá esta circunstancia en coñecemento dos equipos de orientación específicos dependentes da Xefatura Territorial respectiva para que se determinen as adaptacións pertinentes, tendo en conta as medidas recollidas no anexo VI da RESOLUCIÓN do 10 de maio de 2012, pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación e de clasificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia, modificada pola RESOLUCIÓN do 17 de decembro de 2014.



4.6. Nas seccións das escolas oficiais de idiomas, a formalización das matrículas realizarase a través das secretarías dos centros onde están situadas as seccións, excepto nos centros seguintes, nos que non se tramitará ningunha solicitude e a matrícula deberá formalizarse na secretaría da EOI da que dependa a sección, segundo se indica:

IES Manuel Murguía (Arteixo) IES Universidade Laboral (Culleredo)	EOI da Coruña
IES de Sar (Santiago de Compostela) IES Xulián Magariños (Negreira)	EOI de Santiago de Compostela
IES Gregorio Fernández (Sarria)	EOI de Lugo
IES Eduardo Blanco Amor (Ourense) IES de Celanova (Celanova) IES O Ribeiro (Ribadavia)	EOI de Ourense
IES Valle-Inclán (Pontevedra)	EOI de Pontevedra
IES Alexandre Bóveda (Vigo) IES de Rodeira (Cangas) IES Escolas Proval (Nigrán) IES Val do Tea (Ponteareas) IES Pedro Florianí (Redondela)	EOI de Vigo
IES Monte Castelo (Burela)	EOI Viveiro

4.7. Para garantir a correcta tramitación das matrículas, as cualificacións correspondentes á avaliación ordinaria de xuño deberán cargarse na aplicación informática ata o día 26 de xuño, e as cualificacións correspondentes á avaliación extraordinaria de setembro deberán cargarse ata o día 8 de setembro.



5. Prazos de matrícula

5.1. Período de matrícula ordinaria:

Do 29 de xuño ao 14 de xullo, segundo as instrucións de cada escola, tendo en conta a data do sorteo de alumnado preinscrito e que o alumnado preinscrito nos cursos de 1º de nivel básico e básico integrado deberá matricularse entre o 10 e o 14 de xullo.

5.2. Período de matrícula extraordinaria:

Do 7 ao 21 de setembro, segundo as instrucións de cada escola, tendo en conta a data do sorteo de alumnado preinscrito e que o alumnado oficial coa cualificación de apto/a, non apto/a ou non presentado/a na convocatoria extraordinaria deberá matricularse entre o 7 e o 13 de setembro.

A aplicación de matrícula pechará o día 21 de setembro ás 12.00 do mediodía e o prazo de entrega de toda a documentación requirida na secretaría do centro será ata as 14.00 horas.

Do 1 ao 6 de setembro, segundo as necesidades de cada escola, poderase permitir a matrícula do alumnado apto en xuño que non formalizase a súa matrícula no prazo establecido.

5.3. Unha vez rematado o proceso de matrícula, e ata o día 11 de outubro, no caso de quedaren prazas vacantes, cada escola poderá cubrilas coas listaxes de espera, en caso de habelas, ou atendendo as peticións de alumnado de novo acceso que non realizase o proceso de preinscrición, de acordo co procedemento que estableza cada centro. As escolas non poderán facer pública ningunha oferta de prazas vacantes mentres existan listaxes de espera.

5.3. O alumnado que non formalice a súa matrícula no prazo establecido para o grupo que lle corresponda, presentando toda a documentación requirida na secretaría



dos centros, **perderá o dereito á praza asignada** e só poderá matricularse ao finalizar todo o proceso de matrícula no caso de quedaren prazas vacantes.

6. Perda do dereito á matrícula

A non incorporación sen xustificación debidamente razoada perante a dirección nos quince días seguintes ao inicio do curso académico implicará a perda da condición de alumnado oficial, e a escola poderá dispor destas prazas para seren cubertas por outros aspirantes, sen que corresponda a devolución dos prezos públicos aboados.

7. Prezos públicos

O pagamento para a formalización da matrícula axustarase ao establecido no Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño (DOG do 17 de xuño).

O pagamento realizarase mediante o impreso de autoliquidación, modelo E (subministrado polos centros educativos en papel), ou ben mediante o modelo AI (cuberto e xerado en formato electrónico desde a Internet no enderezo web <http://www.conselleriadefacenda.es/web/portal/confeccion-impresos> e que debe presentarse impreso en papel). O pagamento poderase realizar en calquera das entidades financeiras colaboradoras na recadación de taxas e prezos que veñen relacionadas no Anexo VII da Orde de 30 de xuño de 1992 (<http://www.conselleriadefacenda.es/web/portal/1301992#AVII>). Igualmente, poderá facerse efectivo o ingreso de xeito telemático a través da Oficina Virtual Tributaria. Quedará xustificado o pagamento mediante a presentación do impreso validado pola entidade financeira, no caso dos modelos E ou AI e, no caso do pagamento telemático, mediante a presentación do impreso 730 co código seguro de verificación (CSV), xerado pola Oficina Virtual Tributaria.



8. Información ao alumnado

- 8.1. As escolas oficiais de idiomas daralles publicidade a todos aqueles aspectos relativos ao proceso de admisión: grupos e prazas que se ofrezan en cada idioma, alumnado preinscrito, alumnado admitido, e os correspondentes períodos de reclamacións.
- 8.2. O alumnado deberá ser informado, no momento da formalización da matrícula, de que a posta en marcha do grupo da súa elección dependerá do número mínimo de persoas inscritas que o xustifique.
- 8.3. Para facilitarlle os procesos de preinscripción ou de matriculación en liña ao alumnado, as escolas habilitarán equipos informáticos con conexión a Internet nos espazos que a escola dispoña para tal efecto.
- 8.4. No momento da matrícula o alumnado deberá ser informado de que as datas de realización das probas parciais de febreiro e finais de xuño e setembro poderán realizarse en días e horas diferentes aos horarios ordinarios das clases do curso no que se matrícula. Igualmente, deberáselles informar de que na convocatoria de setembro poderán coincidir as probas de distintos idiomas na mesma data e hora.
- 8.5. As escolas, a través das súas páxinas web e os taboleiros de anuncios, darán información sobre o proceso de matrícula e os prezos públicos aplicables en cada caso.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2017

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López



ANEXO I

CONDICIÓN XERAIS DE ACCESO

1. Acceso ao nivel básico

- a) **Poderá acceder ao 1º curso do nivel básico de cada un dos idiomas** quen cumpra os requisitos sobre acceso a estas ensinanzas establecidos na presente circular.
- b) **Poderá acceder ao 2º curso do nivel básico de cada un dos idiomas:**
- O alumnado que supere no idioma correspondente o 1º curso do nivel básico das ensinanzas reguladas polo Decreto 191/2007, do 20 de setembro.
 - O alumnado que superara no idioma correspondente o 1º curso do nivel básico das ensinanzas reguladas polo Real Decreto 944/2003, de 18 de xullo, polo que se establece a estrutura das ensinanzas de idiomas de réxime especial.
 - O alumnado que superara no idioma correspondente o primeiro curso do ciclo elemental dos ensinamentos regulados polo Real Decreto 967/1988, de 2 de setembro, sobre ordenación dos ensinamentos correspondentes ao primeiro nivel das ensinanzas especializadas de idiomas.
 - Quen obtivera o acceso ao 2º curso do nivel básico como resultado da proba de clasificación do idioma correspondente realizada nas escolas oficiais de Galicia nos anos 2016 e 2017.
 - Quen posúa unha das titulacións ou certificados acreditativos de ter coñecementos do idioma correspondente que se recollen no **anexo II** desta circular para o acceso ao 2º curso do nivel básico.
- c) **Poderá acceder ao 3º curso do nivel básico dos idiomas chinés e xaponés:**
- O alumnado que supere no idioma correspondente o 2º curso do nivel básico das ensinanzas reguladas polo Decreto 191/2007, do 20 de setembro.
 - Quen obtivera o acceso ao 3º curso do nivel básico como resultado da proba de clasificación do idioma correspondente realizada nas escolas oficiais de Galicia nos anos 2016 e 2017.



- Quen posúa unha das titulacións ou certificados acreditativos de ter coñecementos do idioma correspondente que se recollen no **anexo II** desta circular para o acceso ao 3º curso do nivel básico.

2. Acceso ao nivel intermedio

a) Poderá acceder ao 1º curso do nivel intermedio de cada un dos idiomas:

- O alumnado que obtivera no idioma correspondente o certificado de nivel básico das ensinanzas reguladas polo Decreto 191/2007, do 20 de setembro.
- O alumnado que superara no idioma correspondente o 2º curso do nivel básico das ensinanzas reguladas polo Real Decreto 944/2003, de 18 de xullo.
- O alumnado que superara no idioma correspondente o segundo curso do ciclo elemental das ensinanzas reguladas polo Real Decreto 967/1988, de 2 de setembro.
- Quen estea en posesión do título de Bacharel, que permitirá o acceso ao 1º curso do nivel intermedio exclusivamente no idioma cursado como primeira lingua no bacharelato.
- Quen obtivera o acceso ao 1º curso do nivel intermedio como resultado da proba de clasificación do idioma correspondente realizada nas escolas oficiais de Galicia nos anos 2016 e 2017.
- Quen posúa unha das titulacións ou certificados acreditativos de ter coñecementos do idioma correspondente que se recollen no **anexo II** desta circular para o acceso ao 1º curso do nivel intermedio.

b) Poderá acceder ao 2º curso do nivel intermedio de cada un dos idiomas:

- O alumnado que supere no idioma correspondente o 1º curso do nivel intermedio das ensinanzas reguladas polo Decreto 191/2007, do 20 de setembro.
- Quen obtivera o acceso ao 2º curso do nivel intermedio como resultado da proba de clasificación do idioma correspondente realizada nas escolas oficiais de Galicia nos anos 2016 e 2017.
- Quen posúa unha das titulacións ou certificados acreditativos de ter coñecementos do idioma correspondente que se recollen no **anexo II** desta circular para o acceso ao 2º curso do nivel intermedio.



c) Poderá acceder ao 3º curso do nivel intermedio dos idiomas árabe, chinés e xaponés:

- O alumnado que supere no idioma correspondente o 2º curso do nivel intermedio das ensinanzas reguladas polo Decreto 191/2007, do 20 de setembro.
- Quen obtivera como resultado o acceso ao 3º curso do nivel intermedio na proba de clasificación do idioma correspondente realizada nas escolas oficiais de Galicia nos anos 2016 e 2017.
- Quen posúa unha das titulacións ou certificados acreditativos de ter coñecementos do idioma correspondente que se recollen no **anexo II** desta circular para o acceso ao 3º curso do nivel intermedio.

3. Acceso ao nivel avanzado

a) Poderá acceder ao 1º curso do nivel avanzado de cada un dos idiomas:

- O alumnado que obtivera no idioma correspondente o certificado de nivel intermedio das ensinanzas reguladas polo Decreto 191/2007, do 20 de setembro.
- O alumnado que obtivera no idioma correspondente o certificado elemental das ensinanzas reguladas polo Real Decreto 967/1988, de 2 de setembro. Nos idiomas que non ofertan o nivel avanzado, este alumnado poderá acceder ao curso máis alto do nivel intermedio.
- Quen obtivera o acceso ao 1º curso do nivel avanzado como resultado da proba de clasificación do idioma correspondente realizada nas escolas oficiais de Galicia nos anos 2016 e 2017.
- Quen posúa unha das titulacións ou certificados acreditativos de ter coñecementos do idioma correspondente que se recollen no **anexo II** desta circular para o acceso ao 1º curso do nivel avanzado.

b) Poderá acceder ao 2º curso do nivel avanzado de cada un dos idiomas:

- O alumnado que supere no idioma correspondente o 1º curso do nivel avanzado das ensinanzas reguladas polo Decreto 191/2007, do 20 de setembro.
- O alumnado que superara no idioma correspondente o primeiro curso do ciclo superior das ensinanzas reguladas polo Real Decreto 967/1988, de 2 de setembro. Nos idiomas que non ofertan o nivel



avanzado, este alumnado poderá acceder ao curso máis alto do nivel intermedio.

- Quen obtivera o acceso ao 2º curso do nivel avanzado como resultado da proba de clasificación do idioma correspondente realizada nas escolas oficiais de Galicia nos anos 2016 e 2017.
- Quen posúa unha das titulacións ou certificados acreditativos de ter coñecementos do idioma correspondente que se recollen no **anexo II** desta circular para o acceso ao 2º curso do nivel avanzado.

4. Acceso aos cursos especializados para o perfeccionamento de idiomas de nivel C1

- a) **Poderá acceder aos cursos especializados para o perfeccionamento de idiomas de nivel C1 de cada un dos idiomas** quen posúa o certificado do nivel inferior das ensinanzas de idiomas de réxime especial do idioma correspondente, ou, no caso do idioma inglés, do certificado acreditativo da validación do Certificate of Proficiency emitido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.



ANEXO II
ACCESOS DIRECTOS POR TITULACIÓN
ALEMÁN

TITULACIÓN, DIPLOMA OU CERTIFICADO	ACCEDE A
<ul style="list-style-type: none"> • Fit in Deutsch 1. Goethe Institut • Start Deutsch 1 (SD 1). Goethe Institut • Sprachkenntnisnachweis (SKN) • Kompetenz in Deutsch 1 (KID 1) • Telc Deutsch A1 • UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Alemán nivel A1 (elemental) • Certificados das universidades españolas que sigan o modelo de acreditación de exames da Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior (ACLES) CertAcles A1 • Certificados de alemán de nivel A1 dos Centros de Linguas das universidades galegas • Certificado de competencia CUALE A1 de alemán • Unicert Basis 	BÁSICO 2
<ul style="list-style-type: none"> • Fit in Deutsch 2. Goethe Institut • Start Deutsch 2 (SD 2). Goethe Institut • Kompetenz in Deutsch 2 (KID 2) • A2 Grundstufe Deutsch 2 (A2 GD2-Österreichisches Sprachdiplom) • Título de Bacharelato (alemán 1ª lingua estranxeira) • UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Alemán nivel A2 (básico) • BULATS alemán (20-39) • Certificados das universidades españolas que sigan o modelo de acreditación de exames da Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior (ACLES) CertAcles A2 • Certificados de alemán de nivel A2 dos Centros de Linguas das universidades galegas • Telc Deutsch A2 • Telc Deutsch A2 + Beruf • Deutsches Sprachdiplom A2 (DSD-A2) • Unicert Level 1 • CLES 1 (Certificat de competences en langues de l'enseignement superieur) 	INTERMEDIO 1
<ul style="list-style-type: none"> • Licenciatura en tradución e interpretación (alemán lingua C) 	INTERMEDIO 2
<ul style="list-style-type: none"> • Zertifikat Deutsch (ZD). Goethe Institut/Österreichisches Sprachdiplom • Zertifikat Deutsch für Jugendliche (ZD j) - Goethe Institut/Österreichisches Sprachdiplom • Zertifikat Deutsch als Fremdsprache (ZDaF). Goethe Institut • Zertifikat Deutsch für den Beruf (ZDfB). Goethe Institut • Zertifikat Mittelstufenprüfung (ZMP). Goethe Institut • Telc Deutsch B1 • Telc Deutsch B1 + Beruf • Telc B1 Schule • Goethe-Zertifikat B1 (Goethe Institut) • Goethe-Zertifikat B1J (Goethe Institut) • Mittelstufe Deutsch. Österreichisches Sprachdiplom • Wirtschaftssprache Deutsch. Österreichisches Sprachdiplom • Grao en Mestre de Educación Infantil ou Educación Primaria con mención en lingua estranxeira: alemán • Diplomatura en maxisterio con habilitación en alemán • UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Alemán nivel B1 (intermedio) • BULATS alemán (40-59)/(60-74) 	AVANZADO 1



- Certificados das universidades españolas que sigan o modelo de acreditación de exames da Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior (ACLES) CertAcles B1
- Certificados de alemán de nivel B1 dos Centros de Linguas das universidades galegas
- Deutsches Sprachdiplom Stufe 1 (DSD I)
- TestDaF TDN 3 (B1+) (Test Deutsch als Fremdsprache)
- Unicert Level 2
- DSH-1 (Deutsche Sprachprüfung für den Hochschulzugang)
- CLES 2 (Certificat de competences en langues de l'enseignement superieur)

- Großes Deutsches Sprachdiplom (GDS). Goethe Institut
- Kleines Deutsches Sprachdiplom (KDS). Goethe Institut
- Prüfung Wirtschaftsdeutsch (PWD). Goethe Institut
- Test Deutsch als Fremdsprache (TestDaF). Goethe Institut
- Zentrale Mittelstufenprüfung (ZM)
- Zentrale Oberstufenprüfung (ZOP). Goethe Institut
- C1 Oberstufe Deutsch (C1 OD-Österreichisches Sprachdiplom)
- Goethe-Zertifikat B2/C1 e C2
- Telc Deutsch B2/C1
- Telc Deutsch B2 + Beruf
- Telc B2 Schule
- C2 Wirtschaftssprache Deutsch (C2 WD-Österreichisches Sprachdiplom)
- Licenciatura ou grao en filoloxía alemá
- Licenciatura en filoloxía: sección angloxermánica
- Licenciatura en filoloxía: sección filoloxía xermánica (alemán)
- Licenciatura en filoloxía: sección filoloxía moderna: especialidade alemán
- Licenciatura en filosofía e letras: sección filoloxía xermánica
- Licenciatura en filosofía e letras: división filoloxía: sección filoloxía angloxermánica
- Grao en estudos alemáns
- Licenciatura en tradución e interpretación (alemán lingua B)
- UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Alemán nivel B2 (avanzado)
- BULATS alemán (75-89)/ (90-100)
- Certificados das universidades españolas que sigan o modelo de acreditación de exames da Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior (ACLES) CertAcles B2/C1 e C2
- Certificados de alemán de nivel B2, C1 ou C2 dos Centros de Linguas das universidades galegas
- CLES 3 (Certificat de competences en langues de l'enseignement superieur)
- BULATS alemán (60-74)
- DSH-2 / DSH-3 (Deutsche Sprachprüfung für den Hochschulzugang)
- Deutsches Sprachdiplom Stufe 2 (DSD II)
- Unicert Level 3/4

AVANZADO 2



ÁRABE

TITULACIÓN, DIPLOMA OU CERTIFICADO	ACCEDE A
<ul style="list-style-type: none"> • UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Árabe nivel A1 (elemental) ou nivel A2- (pre-básico) • Unicert Basis 	BÁSICO 2
<ul style="list-style-type: none"> • UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Árabe nivel A2 (básico) • Certificados das universidades españolas que sigan o modelo de acreditación de exames da Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior (ACLES) CertAcles A2 • Unicert Level 1 • CLES 1 (Certificat de competences en langues de l'enseignement supérieur) 	INTERMEDIO 1
<ul style="list-style-type: none"> • TELC (The European Language Certificates) Arabic B1 • Certificados das universidades españolas que sigan o modelo de acreditación de exames da Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior (ACLES) CertAcles B1 • Unicert Level 2 • CLES 2 (Certificat de competences en langues de l'enseignement supérieur) 	AVANZADO 1
<ul style="list-style-type: none"> • Licenciatura en filoloxía árabe • Grao en estudos árabes e islámicos • Certificados das universidades españolas que sigan o modelo de acreditación de exames da Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior (ACLES) CertAcles B2/C1 e C2 • Unicert Level 3/4 • CLES 3 (Certificat de competences en langues de l'enseignement supérieur) 	AVANZADO 2

CHINÉS

TITULACIÓN, DIPLOMA OU CERTIFICADO	ACCEDE A
<ul style="list-style-type: none"> • Diploma de chinés HSK (nivel 1) • Certificados das universidades españolas que sigan o modelo de acreditación de exames da Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior (ACLES) CertAcles A1 • Certificados de chinés de nivel A1 dos Centros de Linguas das universidades galegas • UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Chinés nivel A1 (elemental) 	BÁSICO 2
<ul style="list-style-type: none"> • Diploma de chinés HSK (nivel 2 ou básico C) • UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Chinés nivel A2- (pre-básico) • Unicert Basis 	BÁSICO 3
<ul style="list-style-type: none"> • Diploma de chinés HSK (nivel básico A) • UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Chinés nivel A2 (básico) • Certificados das universidades españolas que sigan o modelo de acreditación de exames da Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior (ACLES) CertAcles A2/B1 • Certificados de chinés de nivel A2 dos Centros de Linguas das universidades galegas • Unicert Level 1 • Diploma de chinés HSK (nivel 3 ou elemental A) 	INTERMEDIO 1
<ul style="list-style-type: none"> • Diploma de chinés HSK (nivel 4 ou intermedio A) • Certificados das universidades españolas que sigan o modelo de acreditación de exames da Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior (ACLES) CertAcles B2 • Unicert Level 2 	INTERMEDIO 2
<ul style="list-style-type: none"> • Diploma de chinés HSK (nivel 5 ou avanzado C) • Certificados das universidades españolas que sigan o modelo de acreditación de exames da Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior (ACLES) CertAcles C1 • Unicert Level 3/4 	INTERMEDIO 3
<ul style="list-style-type: none"> • Diploma de chinés HSK (nivel 6 ou avanzado A) • Certificados das universidades españolas que sigan o modelo de acreditación de exames da Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior (ACLES) CertAcles C2 	AVANZADO 1



ESPAÑOL PARA ESTRANXEIROS

TITULACIÓN, DIPLOMA OU CERTIFICADO	ACCEDE A
<ul style="list-style-type: none"> • Diploma de español como lingua estranxeira (DELE) A1 • Certificados das universidades españolas que sigan o modelo de acreditación de exames da Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior (ACLES) CertAcles A1 • Certificados de español para estranxeiros de nivel A1 dos Centros de Linguas das universidades galegas 	BÁSICO 2
<ul style="list-style-type: none"> • Diploma de español como lingua estranxeira (DELE) A2 • UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Español nivel A2 (básico) • Certificados das universidades españolas que sigan o modelo de acreditación de exames da Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior (ACLES) CertAcles A2 • Certificados de español para estranxeiros de nivel A2 dos Centros de Linguas das universidades galegas 	INTERMEDIO 1 INTERMEDIO INTEGRADO
<ul style="list-style-type: none"> • Diploma de español como lingua estranxeira (DELE). Nivel inicial • Diploma de español como lingua estranxeira (DELE) B1 • UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Español nivel B1 (intermedio) • Certificados das universidades españolas que sigan o modelo de acreditación de exames da Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior (ACLES) CertAcles B1 • Certificados de español para estranxeiros de nivel B1 dos Centros de Linguas das universidades galegas 	AVANZADO 1 AVANZADO INTEGRADO
<ul style="list-style-type: none"> • Diploma de español como lingua estranxeira (DELE). Nivel intermedio • Diploma de español como lingua estranxeira (DELE). Nivel superior • Diploma de español como lingua estranxeira (DELE) B2 • Diploma de español como lingua estranxeira (DELE) C1 • Diploma de español como lingua estranxeira (DELE) C2 • UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Español nivel B2 (avanzado) • Certificados das universidades españolas que sigan o modelo de acreditación de exames da Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior (ACLES) CertAcles B2/C1 e C2 • Certificados de español para estranxeiros de nivel B2, C1 ou C2 dos Centros de Linguas das universidades galegas 	AVANZADO 2 AVANZADO INTEGRADO



FRANCÉS

TITULACIÓN, DIPLOMA OU CERTIFICADO	ACCEDE A
<ul style="list-style-type: none"> • DELF A1. Centre International d'Études Pédagogiques • Graduado en ESO (francés 1ª lingua estranxeira) • Certificados das universidades españolas que sigan o modelo de acreditación de exames da Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior (ACLES) CertAcles A1 • Certificados de francés de nivel A1 dos Centros de Linguas das universidades galegas • Certificado de competencia CUALE A1 de francés • Unicert Basis 	BÁSICO 2
<ul style="list-style-type: none"> • DELF A2. Centre International d'Études Pédagogiques • Título de Bacharelato (francés 1ª lingua estranxeira) • UNED. CUID (Centro Universitario de Idiomas a Distancia) Francés nivel A2 (básico) • Certificados das universidades españolas que sigan o modelo de acreditación de exames da Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior (ACLES) CertAcles A2 • Certificados de francés de nivel A2 dos Centros de Linguas das universidades galegas • BULATS francés (20-39) • TELC Français A2 • Test d'Évaluation de Français TEF 2 • DFP Generalistes: DFP A2 (Centre de Langue Française: Diplôme de français professionnel) • CLES 1 (Certificat de competences en langues de l'enseignement supérieur) • Test d'Évaluation de Français TEF 3 • Unicert Level 1 	INTERMEDIO 1
<ul style="list-style-type: none"> • Licenciatura en tradución e interpretación (francés lingua C) • Diplomatura en maxisterio (especialidade francés) 	INTERMEDIO 2
